

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 27 de xaneiro de 2004 pola que se fai público o contido do convenio de apoio financeiro 2004-2006 ós investimentos das pequenas e medianas empresas financiado, mediante contratos de arrendamento financeiro, suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras.

Con data do 26 de xaneiro o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e 17 entidades financeiras asinaron un convenio coa finalidade de establecer liñas de financiamento subsidiadas, mediante contratos de arrendamento financeiro, para pequenas e medianas empresas, someténdose ó establecido no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, ás normas específicas contidas no citado convenio e ás que posteriormente se poidan dictar para o seu funcionamento operativo.

Polo que antecede, e en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12 a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Igape.

RESOLVO:

Facer público o texto do convenio coas entidades financeiras que figura como anexo I e a relación de entidades que subscribiron o mesmo que figura como anexo II.

En Santiago de Compostela o 27 de xaneiro de 2004.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

ANEXO I

Convenio de apoio financeiro 2004-2006 ós investimentos das pequenas e medianas empresas financiado, mediante contratos de arrendamento financeiro, polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades de crédito.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2004.

Este convenio, asinado por unha parte polo presidente do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), José Antonio Orza Fernández, e doutra parte por... (en adiante a entidade de crédito), representada por..., con poder suficiente, inscríbese dentro do marco da política de apoio á pequena e mediana empresa emprendida pola Xunta de Galicia, ó abeiro do Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Conscientes do importante papel que as Pemes desenvolven na actividade económica, ponse en marcha un programa de financiamento dos investimentos que estas empresas promovan. Consistindo a axuda na subsidiación ó tipo de xuro dos contratos de arrendamento financeiro que se concerten coas entidades de crédito colaboradoras e acollidos a este convenio.

Para este fin, as entidades de crédito poderán subscribir contratos de arrendamento financeiro nos termos e condicións establecidos neste convenio, ata unha contía máxima total de 36.060.726,26 € para o exercicio 2004. Para 2005 e 2006, o Igape determinará e publicará no *Diario Oficial de Galicia* o importe máximo de contratos que se van subscribir para cada ano, condicionándose a concesión de novas operacións á dita publicación.

Estes contratos de arrendamento financeiro poderán ser subsidiados polo Igape, con suxeición ás seguintes

Cláusulas

Cláusula 1ª.-Obxecto e dotación orzamentaria.

Este convenio ten por obxecto defini-los termos de colaboración entre a entidade de crédito e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) co fin de establece-las liñas de financiamento subsidiadas mediante contratos de arrendamento financeiro para pequenas e medianas empresas, someténdose ás partes na súa totalidade ó establecido no mencionado Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, ás normas específicas contidas neste convenio e ás que posteriormente se poidan dictar para o seu funcionamento operativo.

As axudas reguladas neste convenio financiaranse con cargo ós orzamentos do Igape 2004, 2005 e 2006, condicionándose a súa concesión á existencia previa de crédito adecuado e suficiente. Para as solicitudes presentadas durante o ano 2004, as axudas finan-

ciaranse con cargo á aplicación orzamentaria 02.01.01/01/08.656700, cun crédito de 2.063.800,03 euros para o período 2004-2009, distribuído do seguinte xeito: 206.380,01 € para o ano 2004, 412.760 € para o ano 2005, 412.760 € para o ano 2006, 412.760,00 € para o ano 2007, 412.760 € para o ano 2008 e 206.380,02 € para o ano 2009.

Para os anos 2005 e 2006, o Igape publicará no DOG o límite de crédito dispoñible para a concesión de axudas e a partida orzamentaria asignada ó seu financiamento, condicionándose a dita publicación á concesión das axudas.

Cláusula 2ª.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas neste convenio aquelas empresas que teñan a consideración de pequenas e medianas empresas (Pemes) conforme a definición adoptada pola Comisión da Unión Europea do 3 de abril de 1996. Para os ditos efectos, terá a consideración de PEME a unidade económica con personalidade física ou xurídica que reúna os seguintes requisitos:

- a) Que teña menos de 250 traballadores.
- b) Que teña un volume de negocios anual non superior a 40 millóns de euros, ou ben un balance xeral anual, activo total, non superior a 27 millóns de euros, e
- c) Que cumpra o criterio de independencia tal e como se define a continuación:

Consideraranse empresas independentes as empresas nas que o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto non pertencen a outra empresa, ou conxuntamente a varias empresas que non respondan á definición de PEME. Este limiar poderá superarse nos dous casos seguintes:

-Se a empresa pertence a sociedades públicas de participación, sociedades de capital risco ou investidores institucionais, sempre que estes non exerzan, individual ou conxuntamente, ningún control sobre a empresa.

-Se o capital está distribuído de tal forma que non é posible determinar quen o posúe e se a empresa declara que pode presumir que o 25% ou máis do seu capital non pertence a outra empresa ou conxuntamente a varias empresas que non respondan á definición de PEME.

Para o cálculo dos límites contemplados nos puntos a) e b) engadiranse as cifras correspondentes da empresa beneficiaria e tódalas empresas nas que posúa directa ou indirectamente o 25% ou máis do seu capital ou dos dereitos de voto.

Os solicitantes deberán acreditar esta circunstancia segundo o formulario establecido no anexo VI a este convenio.

2. As empresas que cumpran os requisitos establecidos no punto anterior e que presenten solicitudes de axuda financeira para proxectos de investimento por importe que se vai subsidiar superior

a 800.000 € deberán cumprir, ademais, as seguintes condicións de estabilidade laboral en relación ós centros de traballo radicados en Galicia:

a) Empresas existentes: alomenos ó 40% do cadro de persoal correspondente á data de solicitude, teña contratos por tempo indefinido.

Igualmente, deberán comprometerse a acadar, como mínimo, a mesma porcentaxe de estabilidade laboral respecto das novas contratacións que, se é o caso, se deriven do proxecto.

b) Empresas de nova creación: deberán comprometerse a acadar, como mínimo, o 40% de estabilidade laboral, á expiración do prazo de seis meses desde a resolución de concesión da axuda establecido na cláusula 8.4.5.

Para os efectos deste convenio, enténdese como empresa de nova creación aquela que fose constituída con posterioridade ó 1 de xaneiro do ano anterior ó da presentación da súa solicitude no Igape, ou para o caso de empresarios individuais, que teñan iniciado a súa actividade empresarial con posterioridade a tal data.

Cláusula 3ª.-Ámbito territorial.

As empresas beneficiarias deberán realiza-lo proxecto investidor en Galicia. Non obstante o anterior, poderán acollerse a estas axudas empresas radicadas en Galicia que realicen investimentos no resto de España destinados ó establecemento ou ampliación de redes comerciais ou de distribución propias, sempre que, a xuízo do Igape, teña individual ou sectorialmente un interese estratéxico.

Cláusula 4ª.-Actividades incentivables.

Considéranse incentivables, as actividades económicas relacionadas no anexo I de actividades subvencionables e preferentes.

As axudas ás actividades reguladas por normas sectoriais específicas da Unión Europea sométense expresamente ós límites e condicións nelas establecidos.

Cláusula 5ª.-Modalidade e destino das axudas.

A axuda consistirá na subsidiación ó tipo de xuro dos contratos de arrendamento financeiro concertados en virtude deste convenio e destinados ó financiamento de proxectos de novo investimento, consistentes na instalación, ampliación ou renovación de activos adquiridos a terceiros, e dirixidos á mellora da competitividade das Pemes.

Cláusula 6ª.-Entrada en vigor e prazo de presentación de solicitudes.

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e o prazo de presentación de solicitudes de subsidiación nas entidades financeiras finalizará de acordo co establecido a continuación:

-Para operacións solicitadas con cargo á cantidade asignada á entidade de crédito para o ano 2004, o 30 de novembro dese ano.

-Para operacións solicitadas con cargo á cantidade asignada á entidade de crédito para o ano 2005, o 30 de novembro dese ano.

-Para operacións solicitadas con cargo á cantidade asignada á entidade de crédito para o ano 2006, o 30 de novembro dese ano.

Cláusula 7ª.-Conceptos de investimento subvencionable e materialización dos investimentos.

7.1. Os conceptos de investimento subvencionable deberán realizarse en inmovilizado material novo adquirido a terceiros e dirixidos á mellora da competitividade das Pemes, e serán, exclusivamente, os que se materialicen en:

- a) Maquinaria e as súas instalacións técnicas (agás plantas de coxeración de enerxía).
- b) Ferramenta e aparellos.
- c) Mobiliario e equipos de oficina.
- d) Equipos para procesos de información.
- e) Aplicacións informáticas, sempre que non superen o 25% do investimento total subvencionable.
- f) Elementos de transporte interno.
- g) Elementos de transporte externo, unicamente para empresas de transporte público, e só os activos que supoñan unha renovación dos existentes.

O total do investimento subvencionable determinarase excluindo o IVE e outros tributos do custo de adquisición.

7.2. Materialización dos investimentos. Os bens obxecto do contrato deberán manterse durante a vixencia deste, e por un mínimo de 5 anos desde a formalización do contrato de arrendamento financeiro, debendo a empresa beneficiaria comprometerse a exercer-la opción de compra á expiración do contrato subsidiado.

Cláusula 8ª.-Características das operacións de leasing.

8.1. Importes dos contratos e porcentaxe de financiamento.

O importe mínimo do investimento subvencionable e do contrato de arrendamento financeiro será de 60.000 €.

O importe máximo do contrato ou contratos de arrendamento financeiro subscritos anualmente ó abeiro deste convenio para cada beneficiario será de 3.000.000 €.

O importe con dereito a subsidiación dos contratos de arrendamento non poderá supera-lo 95% do investimento considerado subvencionable.

8.2. Duración dos contratos.

Os contratos de arrendamento financeiro terán unha duración mínima de 2 anos e máxima de 5 anos.

8.3. Orixe dos fondos.

Os fondos para a formalización dos contratos serán facilitados polas entidades de crédito, ata un importe máximo do 95% do investimento subvencionable, debendo, polo tanto, facerse unha entrega a conta do total que se financiará, por parte do arrendatario, mínima do 5%.

8.4. Tipo de xuro, comisións e axuda financeira.

8.4.1. O tipo de xuro será o seguinte:

-Operacións con prazo entre 24 e 36 meses: o tipo de xuro deberá ser fixo durante toda a vida do contrato.

-Operacións con prazo entre 37 e 60 meses: o empresario pode optar entre:

-Tipo de xuro nominal fixo durante toda a vida do contrato, ou

-Tipo de xuro variable.

Para operacións a tipo fixo solicitadas durante o ano 2004, este será do 3,80%.

Para operacións a tipo fixo solicitadas durante os anos 2005 e 2006, este será comunicado polo Igape ás entidades de crédito e publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de operacións de leasing a tipo de xuro variable, este determinarase de acordo co establecido a continuación:

Primeiro: o tipo de xuro nominal das operacións concertadas a través deste convenio fíxase para o ano 2004 no 3,30%.

Segundo: para próximos exercicios, o citado tipo de xuro variará por anos naturais de acordo coa seguinte norma:

a) Tipo de referencia: para cada ano será a media aritmética simple dos tipos diarios do Euribor a prazo de 6 meses, correspondente ó mes de outubro do ano anterior.

b) Tipo adicional: será o que libremente pacten as partes, sen que en ningún caso poida exceder de 1,15 puntos.

c) O tipo de xuro nominal anual dos contratos será, para cada ano natural, o resultante de engadir ó tipo de referencia, o tipo adicional que pactaran as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, redondearase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

Para os efectos deste convenio, enténdese por Euribor (Euro Interbank Offered Rate = Tipo Interbancario ofrecido en euros) a prazo de 6 meses, como o tipo de xuro de oferta, para depósitos interbancarios en euros a prazo de 6 meses, publicado polo Banco de España, polo Ministerio de Economía e Facenda ou pola entidade pública ou privada, española ou da Unión Europea, designada para iso.

No caso de que desaparecera o Euribor, o tipo de xuro variará por anos naturais, de acordo coa seguinte norma:

a) Tipo de referencia: o tipo de rendemento interno no mercado secundario da débeda pública de prazo entre dous e seis anos, publicado polo Banco de España, correspondente ó mes de outubro do ano anterior.

b) Tipo adicional: será o que libremente pacten as partes sen que en ningún caso poida exceder de 0,65 puntos.

c) O tipo de xuro nominal anual dos contratos será, para cada ano natural, o resultante de engadirle ó tipo de referencia, o tipo adicional que pactaran as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, redondearase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

O tipo de xuro de referencia para cada ano será comunicado polo Igape ás entidades de crédito e publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

8.4.2. Comisións.

As entidades de crédito que formalicen operacións ó abeiro deste convenio poderán percibir por tódolos conceptos e dunha soa vez, unha comisión máxima do 1%. Esta comisión non será subvencionable.

8.4.3. Axuda financeira e prazo de subsidiación.

a) A subsidiación ó tipo de xuro dos contratos de arrendamento financeiro non superará os 3 puntos e os criterios utilizados para a súa determinación serán os seguintes:

1. Por actividade subvencionable: 1,50 puntos.
2. Por actividade preferente: 2 puntos.
3. Por creación de emprego: 1 punto.

8.4.4. Tipo de xuro resultante para o beneficiario e puntos de subsidiación efectivos:

Para os efectos do cálculo do importe da subsidiación, o tipo de xuro menos os puntos de subsidiación que lle correspondan segundo os criterios establecidos no punto anterior, non poderá ser inferior ó 3%, agás aqueles proxectos de investimento que sexan preferentes por actividade e que creen emprego neto na Comunidade Autónoma de Galicia, nos que o citado xuro non poderá ser inferior ó 2%. No caso de que o tipo de xuro resultante sexa inferior ós ditos límites, reducirase ou suspenderase a subsidiación durante o período correspondente.

As variacións á alza do tipo de xuro para o caso de que o tipo resultante sexa superior ós ditos límites, serán a cargo exclusivamente dos beneficiarios, non provocando ningunha variación nos puntos de subsidiación.

8.4.5. Para os efectos deste convenio teranse en conta os seguintes criterios, relativos á creación de emprego:

a) Partirase do número de postos de traballo existentes na data de solicitude.

b) Os novos postos de traballo deberanse crear entre o período que media desde a data de solicitude e ata 6 meses desde a data de resolución de concesión da axuda.

c) O emprego a crear comprometido deberá manterse durante, alomenos, dous anos a partir da expiración do prazo de 6 meses desde a data de resolución de concesión da axuda.

d) Para os efectos deste convenio computaranse para a creación e mantemento de emprego, os traballadores por conta allea. Así mesmo, poderase admitir, independentemente do réxime aplicable da Seguridade Social, de acordo coa lexislación laboral vixente, aqueles traballadores por conta propia que sexan os titulares da actividade ou socios ou administradores da empresa titular. Considerando o emprego por conta propia coma emprego fixo.

8.4.6. Condicións da entrega a conta e das cotas de arrendamento financeiro.

Deberá facerse unha entrega inicial a conta do total que se vai financiar, por parte do arrendatario, mínima do 5%. Este importe non incorporará carga financeira ningunha.

As cotas de arrendamento serán de igual importe, terán vencemento mensual e deberán cumprilos requisitos establecidos no artigo 128 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Cláusula 9ª.-Tramitación.

9.1. Solicitudes e documentación.

As solicitudes de subsidiación presentaranse nas entidades de crédito, no modelo normalizado que se distribuirá a través destas e será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

A solicitude acompañarase da documentación establecida no anexo III por duplicado exemplar. A documentación deberá achegarse en orixinal ou en copia cotexada cos orixinais pola entidade de crédito.

As solicitudes presentadas por sociedades civís ou comunidades de bens deberanse tramitar a nome dos titulares que formalizarán o contrato, seguido da denominación da sociedade civil ou comunidade de bens.

9.2. Coa presentación da instancia de solicitude, as empresas que se acollan ás axudas consideradas neste convenio apoderan á entidade de crédito para a realización ante o Igape de todos aqueles trámites en que así se prevexa neste convenio. A este respecto, o Igape considerará a actuación da entidade de crédito coma se fose propia da empresa solicitante.

9.3. O impreso de solicitude constará de cinco exemplares:

- Orixinal e primeira copia para o Igape.
- Segunda copia para a Consellería Sectorial.
- Terceira copia para a entidade de crédito.
- Cuarta copia para o solicitante.

A entidade de crédito datará e selará os cinco exemplares do impreso de solicitude, entregándolle ó solicitante a correspondente copia. A entidade de crédito deberá centraliza-la recepción das solicitudes, unha vez seladas polas súas distintas sucursais, tendo un prazo de 30 días para resolve-la petición de leasing.

As entidades de crédito remitiranlle ó Igape as solicitudes coa documentación anexa, acompañados da comunicación de concesión do leasing segundo o modelo establecido en anexo IV. Así mesmo remitiralle á consellería sectorial o seu correspondente exemplar da solicitude coa documentación. A presentación no Igape realizarase mediante escrito no que se relacionen os expedientes que se xuntan (número, nome e importe), indicando a qué consellería sectorial remitiron a segunda copia.

O último día hábil para a presentación das solicitudes no Igape será:

-Para operacións solicitadas con cargo á cantidade asignada á entidade de crédito para o ano 2004, o 30 de decembro dese ano.

-Para operacións solicitadas con cargo á cantidade asignada á entidade de crédito para o ano 2005, o 30 de decembro dese ano.

-Para operacións solicitadas con cargo á cantidade asignada á entidade de crédito para o ano 2006, o 30 de decembro dese ano.

9.4. Dentro dos dez días seguintes á recepción das solicitudes, o Igape comunicarlles ós solicitantes a data na que as solicitudes foron recibidas polo Igape, o prazo máximo establecido para a resolución e notificación do procedemento e os efectos do silencio administrativo.

9.5. Se a solicitude non reúne os datos esixidos neste convenio, ou non está acompañada da documentación esixida, requirirase o solicitante e a entidade de crédito, para que no prazo de dez días hábiles desde o seguinte ó requirimento, se emende a falta ou se presenten os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso contrario, se considerará desistido da solicitude, logo de resolución declarativa de tal circunstancia. O requirimento á entidade de crédito realizarase vía fax.

9.6. Nos casos en que o Igape o considere necesario, e para efectos da resolución da solicitude, solicitaráselle informe á consellería sectorial correspondente, en relación ó cumprimento por parte dos proxectos de investimento da normativa específica que resulte aplicable.

9.7. Instruído o procedemento pola Área de Financiamento do Igape e inmediatamente antes de dictar proposta de resolución, poñeráselles de manifesto ós interesados, para que no prazo de 10 días, poidan alegar e presenta-los documentos e xustificacións pertinentes. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figure no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros

feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

9.8. A Dirección da Área de Financiamento e pola Dirección Xeral do Igape, elevará proposta de resolución ó presidente do Igape, que incluírá ós puntos de subsidiación propostos, tipo mínimo a cargo do beneficiario, importe, prazo e condicións financeiras do contrato de arrendamento financeiro, o importe do investimento subvencionable e porcentaxe de financiamento proposto. As propostas de denegación de solicitudes deberán detalla-la causa.

As solicitudes de axuda resolveranse por orde de entrada das solicitudes completas no Igape, e ata esgotarse as dispoñibilidades orzamentarias aprobadas.

9.9. O Igape notificaralle ó solicitante e comunicarlle á entidade de crédito, a concesión ou denegación da subsidiación. O beneficiario deberá aceptar expresamente a resolución de concesión. A aceptación formalizarase na copia da resolución que para tal efecto se remitirá xunto coa resolución de concesión e que deberá ser devolta ó Igape debidamente formalizada.

Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses desde a súa notificación. Potestativamente, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o Consello de Dirección do Igape no prazo dun mes desde a súa notificación.

O prazo máximo para notifica-la resolución do procedemento será de 6 meses desde a data de presentación da solicitude da axuda. Este prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 42.5º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido o dito prazo sen que se teña notificado resolución expresa, poderá entenderse desestimada.

9.10. As axudas concedidas ó abeiro deste convenio con proxectos que superen os 300.000 € serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, nos termos establecidos no artigo 11 do Regulamento 287/2000, de desenvolvemento do réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

9.11. A entidade de crédito e o solicitante deberán formaliza-lo contrato de arrendamento financeiro mediante escritura pública ou póliza intervida por fedatario público, de acordo coas seguintes condicións:

9.11.1. Formalización anticipada: a partir da entrada en vigor deste convenio e respectando as condicións e requisitos establecidos nel, a entidade de crédito, unha vez presentado o expediente de solicitude no Igape, poderá formaliza-los contratos cos seus clientes. Para iso, deberá remitir escrito, segundo modelo que se xunta (anexo V), manifestando a intención de acollerse a esta opción co obxec-

to de que, con anterioridade á data de formalización prevista, este Instituto analice e cuantifique o investimento subvencionable e o importe do contrato que se vai subsidiar. O Igape comunicará mediante fax á entidade de crédito a autorización, se é o caso, a dita formalización. A empresa solicitante requere á entidade de crédito copia da autorización do Igape antes de proceder á formalización do contrato.

A autorización á formalización do contrato antes da resolución de concesión non implica o recoñecemento de ningún dereito ou cualificación do expediente respecto da concesión da subsidiación solicitada.

No contrato de leasing formalizado anticipadamente, de acordo co establecido no punto anterior, débese facer mención, alomenos, dos seguintes extremos: que se ten presentado solicitude de axuda financeira no Igape, con indicación da data de rexistro de entrada neste instituto; que o Igape ten autorizado a formalización do contrato, indicando a data e as condicións establecidas nesta; e que o contrato de leasing quedará acollido ás axudas establecidas neste convenio nos termos e condicións sinalados na resolución de concesión da axuda, que, se é o caso, no seu día se dicte.

No caso de que a resolución de concesión considere condicións diferentes ás que se indicaban na autorización de formalización, deberán incluír un anexo ó contrato, intervido por fedatario público, no que se fagan constar as características establecidas na dita resolución.

9.11.2. Se o contrato se formaliza con posterioridade á data de notificación da resolución de concesión, deberá recolle-la característica de estar acollido a este convenio, nel estableceranse claramente o tipo de xuro da operación e, se é o caso, o sistema de variación para os próximos exercicios, así coma os puntos de subsidiación concedidos e o límite que corresponda para os efectos da aplicación da subsidiación establecido na cláusula 8.4.4 ou cláusula de aplicación transitoria para as solicitudes de axuda presentadas no Igape no ano 2004.

9.11.3. O prazo máximo para a formalización ou, se é o caso, a adaptación da póliza ás condicións deste convenio, será de 5 meses, contado desde o día seguinte ó da data de notificación da concesión ó beneficiario. Rematado o dito prazo sen que se formalizase, ou se é o caso, adaptase, o contrato, dictarase resolución tendo ó solicitante por renunciado e ordenando o arquivo do expediente, agás que, logo de solicitude razoada de prórroga deste, presentada no Igape dentro do prazo, e acreditando a conformidade da entidade de crédito, o Igape teña autorizado a dita prórroga.

Cláusula 10ª.-Xustificación do proxecto e do mantemento e creación de emprego.

10.1. Xustificación do proxecto.

A entidade de crédito deberá remitirlle ó Igape, a seguinte documentación: copia cotexada do con-

trato formalizado e, se é o caso, o correspondente anexo; incluíndo as correspondentes táboas de amortización; copia cotexada dos documentos que xustifiquen o investimento; certificado de conformidade sobre a entrega dos bens arrendados, subscrito polo arrendatario; compromiso do arrendatario de exercer-la opción de compra á expiración do contrato, así como declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas polo beneficiario para o proxecto, segundo modelo do anexo VII.

A remisión ó Igape da documentación xustificativa citada no punto anterior resultará necesaria para proceder ó pagamento da subsidiación aprobada.

10.2. Proxectos correspondentes a contratos de arrendamento financeiro por importe superior a 800.000 €.

De acordo co establecido no artigo 15.3º do Decreto 287/2000, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, a comprobación material do investimento aprobado para contratos de arrendamento financeiro por importe que se vai financiar superior a 800.000 € substitúese por xustificación documental consistente na copia cotexada do contrato de arrendamento financeiro formalizado, certificación de conformidade coa entrega do ben arrendado e copias cotexadas de documentación xustificativa da realización do investimento. Iso sen prexuízo da posibilidade de realización polo Igape de calquera outras actuacións de control e inspección que poida considerar oportunas.

10.3. Xustificación da creación de emprego.

Unha vez xustificada a realización do investimento e transcorridos 6 meses desde a data de resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá remitirlle ó Igape a seguinte documentación acreditativa do cumprimento da condición de creación de emprego: TC1 e TC2 e, se é o caso, recibos de cotización correspondentes.

10.4. Xustificación do mantemento de emprego.

Unha vez transcorridos dous anos desde o prazo límite para a creación de emprego, establecido na cláusula 8.4.5, o beneficiario deberá remitirlle ó Igape a seguinte documentación acreditativa do mantemento de emprego: TC1 e TC2 e, se é o caso, recibos de cotización correspondentes.

Naqueles expedientes suxeitos ó cumprimento da condición a que se refire o punto 2 da cláusula 2ª, o Igape, igualmente, comprobará que se teñen acadado os niveis de estabilidade laboral esixidos.

Cláusula 11ª.-Liquidación e pagamento da subsidiación.

O importe da subvención calcularase mediante a elaboración de táboas ou cadros de amortización nos que se tomará como tipo de xuro os puntos de subsidiación concedidos e como prazo o do total do

contrato. Para estes efectos teranse en conta as seguintes consideracións:

1. As cotas son prepagables, é dicir, pagadas ó principio do período.

2. No momento contractual realizárase o desembolso da entrega a conta e da primeira cota ambas constituídas soamente por capital. Non se imputarán, polo tanto, xuros á primeira cota.

3. O resto das cotas convense o aboamento anticipado de xuros, o que deixa o valor residual con capital exclusivamente.

4. O cálculo da cota aplicando ás características anteriores o método prepagable francés vén dada pola expresión:

$$\alpha = \frac{C_0 - V_R(1+i)^{(1-n)}}{(1+i) \frac{1-(1+i)^{-n}}{i}}$$

Onde:

α = importe da cota do período.

C_0 = capital inicial.

V_R = valor residual para exerce-la opción de compra.

I = xuro do período en tanto por un.

$$i = \frac{T.I.N.}{100p}$$

T.I.N. = tipo de xuro nominal anual.

P = nº de veces que se cobra a cota durante o ano (12).

O total da columna «carga financeira» do cadro de amortización, así calculado será o montante da subsidiación para todo o período.

Para os contratos formalizados a tipo fixo a liquidación da subsidiación efectuarase anualmente e polo importe correspondente ó número de meses de vixencia do contrato durante o ano que se vai liquidar. O importe mensual da subsidiación será constante.

Para operacións formalizadas a tipo variable a liquidación da subsidiación será anual e polo importe correspondente ó ano que se vai liquidar. Se lle é de aplicación a limitación ós puntos de subsidiación establecida na cláusula 8.4.4 deste convenio ou cláusula de aplicación transitoria para as solicitudes de axuda presentadas no Igape no ano 2004, efectuarase un novo cadro de amortización ó tipo de subsidiación resultante pola totalidade da duración do contrato, correspondéndolle á liquidación de que se trate a parte proporcional ó ano que se liquida. O importe mensual da subsidiación será constante.

O pagamento da subvención ó beneficiario realízase anualmente a través da entidade de crédito, que presentará, por duplicado, ante o Igape, xunto coa solicitude de cobro da subvención, anexo IX, unha relación individualizada das súas operacións,

especificando o número de expediente, titular, importe do contrato, data de formalización, data de vencemento, prazo en meses, importe da subvención total, número de meses de vixencia do período que se vai liquidar e importe da subvención solicitada.

A solicitude de liquidación presentarase na primeira quincena do mes de xullo de cada ano.

Cláusula 12ª.-Prórroga de prazos.

En atención ó disposto polo artigo 49 da Lei30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, as prórrogas de prazo establecidos neste convenio solicitaranse ó Igape cunha antelación mínima de 10 días hábiles ó vencemento do prazo que se vai ampliar, co obxecto de que o instituto poida resolver esta con anterioridade á súa expiración.

Cláusula 13ª.-Modificacións.

13.1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e en todo caso, a obtención concorrente de subvención ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

13.2. O presidente do Igape poderá acorda-la modificación da resolución de concesión por instancia do beneficiario, sempre que a modificación do proxecto non desvirtúe a finalidade da axuda, non exista prexuízo a terceiros e os novos elementos ou circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

As solicitudes de modificación, acompañadas de memoria xustificativa e, se é o caso, das novas facturas proforma ou documentación análoga, presentáranse ó Igape a través da entidade de crédito. No caso de que a modificación implique variacións no proxecto de investimento, terán que presentarse, en todo caso, con anterioridade á formalización do contrato subsidiado.

13.3. A resolución de modificación establecerá as novas condicións da concesión e, se é o caso, decretará o reintegro do indebidamente percibido. En ningún caso a resolución de modificación implicará aumenta-la contía do contrato subsidiado inicialmente aprobado.

13.4. O cambio de beneficiario da axuda poderá ser autorizado polo presidente do Igape nos supostos de sucesión de empresa e de transformación da forma xurídica do beneficiario, sempre que se acredite documentalmente a subrogación da totalidade dos dereitos e obrigas derivados do proxecto subvencionado, e especificamente do contrato subsidiado, así como o cumprimento dos requisitos establecidos no punto 13.2.

13.5. Poderá autorizarse polo presidente do Igape por instancia do beneficiario, a formalización do contrato con entidade financeira distinta da que tramitou a solicitude. Para tales efectos, solicitarase o cambio

a través da nova entidade de crédito, acompañando nova comunicación de concesión de contrato e declaración xurada de inexistencia de variacións na restante documentación do expediente.

13.6. Poderá autoriza-lo presidente do Igape a cancelación anticipada do contrato subsidiado, sempre que o contrato cumpra o prazo mínimo establecido no artigo 128 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, e se exerza a opción de compra polo beneficiario. O beneficiario, a través da entidade de crédito, deberá comunicarlle ó Igape a data de cancelación, acompañando os documentos xustificativos da operación. A cancelación anticipada implicará a perda da subsidiación do Igape desde a data de cancelación.

Cláusula 14ª.-Perda da subvención.

1. No caso de reclamación xudicial por instancia da entidade de crédito por incumprimento do contrato de arrendamento financeiro, e nos casos de suspensión de pagamentos ou quebra do arrendatario, perderase o dereito á subsidiación ó tipo de xuro desde a data de presentación da reclamación ou da admisión a trámite das anteriores declaracións no xulgado. Igualmente perderase o dereito á subsidiación no caso de cesamento da actividade subvencionable desde a data de baixa.

A entidade de crédito queda obrigada a comunicarlle ó Igape a relación detallada das operacións obxecto de reclamación xudicial e as que incorran en quebra ou suspensión de pagamentos con indicación da data de reclamación ou admisión a trámite no xulgado.

Así mesmo, a entidade de crédito deberá comunicarlle ó Igape a mora ou non pagamento das cotas por parte do beneficiario, circunstancia que suporá a retención da subsidiación por parte do Igape mentres o beneficiario non regularice a situación.

2. Procederáse ó reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora devengados desde o pagamento, nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación.
- b) Obte-la subvención sen reuni-las condicións requiridas para iso.
- c) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida.
- d) Incumprimento das condicións impostas ó beneficiario con motivo da concesión da subvención.
- e) Non exerce-la opción de compra á expiración do contrato subsidiado.
- f) Cando o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con outras, supere o custo do proxecto ou o límite de intensidade da axuda establecido pola normativa comunitaria.

O alcance do incumprimento determinarase en función do grao e entidade da condición incumplida. A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á súa apreciación conxunta.

A falta do exercicio da opción de compra polo beneficiario implicará incumprimento total, sendo causa de revogación da axuda e de reintegro da totalidade das cantidades percibidas.

As cantidades que se van reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu recobro, se é o caso, a vía de constrinximento.

3. O procedemento para declara-lo incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ó disposto no artigo 20 do Decreto 287/2000, de desenvolvemento do réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, os beneficiarios e as entidades de crédito colaboradoras sométense ó réxime de infraccións e sancións establecido no artigo 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, desenvolvido no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Cláusula 15ª.-Compatibilidade.

Non poderán acollerse ás axudas establecidas neste convenio aqueles proxectos que se vaian financiar, en todo ou en parte, mediante créditos, préstamos ou contratos de leasing que teñan calquera tipo de subvención encamiñada a mellora-las condicións financeiras respecto ás normais do mercado.

A concesión das axudas deste convenio queda supeditada ó cumprimento da normativa vixente, e, en especial, á da Unión Europea. Nos ditos termos serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas -agás as referidas no punto anterior-, pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poderán supera-los límites máximos de intensidade da axuda establecidos pola Unión Europea.

Para o cálculo da intensidade da axuda de subvención do tipo de xuro procederáse do seguinte xeito:

- a) Calcularanse en euros os valores absolutos das subvencións que se van percibir.
- b) Actualizaranse ó ano da concesión das axudas os valores absolutos obtidos anteriormente, utilizando como taxa de actualización o tipo de xuro legal do diñeiro.

Cláusula 16ª.-Control.

Os beneficiarios das axudas establecidas neste convenio, quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que efectúe o Igape para verifica-la aplicación das axudas ás finalidades aprobadas e o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos, así como ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, e ás previstas na lexislación do Tribunal de

Contas e do Consello de Contas, debendo facilitar toda a información requirida polos citados organismos.

Cláusula 17ª.-Obrigas das entidades de crédito.

A entidade de crédito asinante deste convenio comprométese a:

a) Aprobar contratos de arrendamento financeiro nos termos e condicións establecidos neste convenio, ata unha contía de... € para o ano 2004. Para o ano 2005 e 2006 este límite será comunicado polo Igape. A aprobación de contratos por importe superior ó máximo total establecido deberá ser previamente autorizada polo Igape. Non obstante, tal límite poderá ser ampliado ou reducido en outubro de cada ano, por acordo expreso da entidade de crédito e o Igape, en función do grao de execución desta no tempo transcorrido.

b) Para efectos de seguimento e control da execución do convenio, a entidade de crédito, remitirá por escrito ó Igape antes do 5 de outubro de cada ano, a relación de peticiónarios referida ó derradeiro día hábil do mes de setembro, ós que lle foron concedidos contratos, engadindo, se é o caso, a relación de solicitudes que estean en trámite. Para as solicitudes aprobadas, deberá detallarse número de expediente e importe que se van financiar. Unha relación similar deberá enviarse ó Igape antes do 15 de decembro de cada ano referida ó 30 de novembro.

c) Colaborar na tramitación dos expedientes de axuda, cumprindo os prazos e demais formalidades establecidas neste convenio.

d) Manter á disposición do Igape a documentación relativa á personalidade xurídica das sociedades (escritura de constitución e estatutos) e a capacidade do asinante da solicitude (poder de representación).

e) Acatar e cumprir cantas normas de carácter operativo sexan dictadas polo Igape para a mellor administración e control das operacións incluídas neste convenio.

f) Remitirlle ó Igape as aclaracións que solicite respecto da documentación relativa á xustificación, liquidación e aboamento das subsidiacións, así como someterse ás actuacións de comprobación que respecto á xestión dos fondos poida efectualo Igape ou calquera dos organismos referidos na cláusula 16ª.

Cláusula 18ª.-Denuncia do convenio.

Será causa suficiente para a resolución deste convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das súas cláusulas, logo de denuncia da contraria, cun mínimo de 30 días de preaviso.

A resolución suporá, en todo caso, deixar atendidas fronte ós beneficiarios as obrigas xa legalmente contraídas polas dúas partes.

Cláusula 19ª.-Seguimento do convenio.

O seguimento do convenio realizarase a través dunha «comisión de vixiancia e seguimento», integrada polas entidades de crédito e representantes do Igape, que terán reunións con periodicidade trimestral, ou ben convocando separadamente a cada unha delas.

O Igape fará públicos os resultados do convenio de maneira periódica.

Cláusula 20ª.-Publicidade.

As entidades de crédito asinantes comprométese a mostrar, nas súas distintas sucursais, a publicidade facilitada polo Igape e a colaborar na axeitada difusión desta liña de axudas.

Co obxecto de acadar maior coordinación, os proxectos e campañas publicitarias que, se é o caso, realicen as entidades de crédito sobre este convenio, deberán contar coa previa autorización do Igape.

Cláusula 21ª.-Natureza.

Este convenio ten natureza administrativa, correspondendo ó Igape a interpretación do seu contido.

Cláusula de aplicación transitoria.

Para as solicitudes de axudas presentadas no Igape no ano 2004 establécense as seguintes condicións:

1. As cláusulas 8.4.3 e 8.4.4 quedan modificadas pola seguinte redacción:

8.4.3. A subsidiación do tipo de xuro será de 3 puntos para empresas de nova creación, empresas que creen 5 ou máis empregos, empresas que realicen un proxecto investidor nalgún dos municipios que se relacionan no anexo II ou empresas nas que a actividade principal sexa o transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada e acometan proxectos de renovación da flota dirixidos á súa modernización e mellora medioambiental, e de 2 puntos para o resto dos casos.

8.4.4. O tipo de xuro resultante para o beneficiario, é dicir, o tipo de xuro menos os puntos de subsidiación, non poderá ser inferior ó 1%, para empresas de nova creación, empresas que creen 5 ou máis empregos, empresas que realicen un proxecto investidor nalgún dos municipios que se relacionan no anexo II ou empresas nas que a actividade principal sexa o transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada e acometan proxectos de renovación da flota dirixidos á súa modernización e mellora medio ambiental, e ó 2% para o resto dos casos.

2. As condicións relativas á creación de emprego establecidas na cláusula 8.4.5. así como a xustificación do cumprimento destas, establecidas nas cláusulas 10.3 e 10.4 aplicaranse, exclusivamente, para aquelas empresas que creen 5 ou máis empregos.

Pola entidade de crédito:	Polo Igape:
Asdo.:	José Antonio Orza Fernández
DNI:	Presidente do Instituto Galego de Promoción Económica

ANEXO I

ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES E PREFERENTES LEASING 2004-2006

CNAE	ACTIVIDAD	SUBVENCIONABLE	PREFERENTE	OBSERVACIONES
<i>1.- Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria (Edif. Admto. San Caetano - 15704 Santiago de Compostela (A CORUÑA))</i>				
01.122	Cultivo de flores e plantas ornamentais		P	
01.23	Explotación de gando porcino		P	
01.24	Avicultura		P	
01.4	Actividades de servicios relacionados coa agricultura e a gandería, agás actividades veterinarias		P	
15.	Industria de productos alimenticios e bebidas		P	Agás 15.2
<i>2.- Consellería de Medio Ambiente. Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais (San Lázaro, s/n - 15703 Santiago de Compostela (A CORUÑA))</i>				
02.012	Explotación forestal		P	
20.1	Serradura e cepilladura da madeira; preparación industrial da madeira		P	
	Actividades relacionadas co ambiente		P	
<i>3.- Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca (Sar, 75 - 15702 Santiago de Compostela (A CORUÑA))</i>				
05.	Pesca, acuicultura e actividades dos servicios relacionados con elas		P	
15.2	Elaboración e conservación de peixes e produtos a base de peixe		P	
51.381	Comercio por xunto de peixe e mariscos		P	
<i>4.- Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Dirección Xeral de Transporte (Praza de Europa, 5 A-2ª porta-As Fontiñas - 15703 Santiago de Compostela (A CORUÑA)).</i>				
60.	Transporte terrestre.	S		Agás 60.3
61.	Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	S		
62.	Transporte aéreo	S		Agás 62.3
63.121	Depósito e almacenamento frigorífico	S		
63.22	Outras actividades anexa ó transporte marítimo	S		
<i>5.- Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Turismo (Plaza de Mazarelos, 15 - 15703 Santiago de Compostela (A CORUÑA))</i>				
55.1	Hoteles	S		
55.22	Campings	S		
55.3	Restaurantes	S		Exclusiv.2 ou máis garfos
	Turismo especializado		P	
<i>6.- Consellería de Industria e Comercio. Dirección Xeral de Comercio e Consumo (Edif. Admto. San Caetano - 15704 Santiago de Compostela (A CORUÑA))</i>				
50.	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores. Venda miúdo de combustible para vehículos de motor		P	Agás 50.2 e 50.4
50.2	Mantemento e reparación de vehículos de motor	S		
50.4	Venda, mantemento e reparación de motocicletas e ciclomotores, e dos seus repostos e accesorios. Preferente a venda	S		
51.	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas		P	Agás 51.1. e 51.381
52.	Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores		P	Agás 52.6 e 52.7
<i>7.- Consellería de Industria e Comercio. Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial (Edif. Admto. San Caetano - 15704 Santiago de Compostela (A CORUÑA))</i>				
14.	Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	S		Agás 14.1
14.01	Extracción de pedra		P	
17.	Industria téxtil		P	
18.	Industria da confección e da peletería		P	
19.	Industria do coiro e do calzado		P	
20.2	Fabricación de chapas, laboieiros contrachapados, alistonados, de partículas aglomeradas, ...		P	
20.3	Fabricación de estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería para a construción		P	
20.4	Fabricación de envases e embalaxes de madeira		P	
20.5	Fabricación doutros produtos de madeira. Fabricación de produtos de cortiza, cestería e espartería		P	
21.	Industria do papel	S		
22.	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	S		
24.	Industria química	S		
25.	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas. Preferente en epígrafes relacionados co automóbil e fabricación de pezas de vestir.	S		
26.	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos		P	
27.	Metalurxia		P	
28.	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo		P	
29.	Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico.		P	Agás 29.322
29.322	Reparación de maquinaria e material agrario	S		
30	Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos		P	
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico	S		
32	Fabricación de material electrónico, fabricación de equipo e aparellos de radio, televisión e comunicacións	S		
33	Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	S		
34	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques		P	
35.	Fabricación doutro material de transporte		P	
36.	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureras	S		Agás 36.1
36.1	Fabricación de mobles		P	Agás 36.15
36.15	Fabricación de colchóns	S		
37.	Reciclaxe	S		
Artesanía	As actividades comprendidas no anexo I á Orde da Consellería de Industria e Comercio do 05.05.97 (DOG 26.05.97)	S		
64.2	Telecomunicacións		P	
73.	Investigación e desenvolvemento	S		
92.11	Producción cinematográfica e de vídeo		P	
92.12	Distribución de películas		P	
92.202	Producción e distribución de televisión		P	
	Servicios de apoio industrial		P	
	Bens de equipo de empresas do sector construción		P	

ANEXO III

CONVENIO LEASING 2004-2006
DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTA-LA ENTIDADE DE CRÉDITO

- 1 Instancia da solicitude asinada e debidamente cuberta, segundo o modelo establecido en anexo VIII.
- 2 Comunicación concesión leasing, segundo o modelo establecido no anexo IV.
- 5 Se é o caso, formalización anticipada, segundo o modelo establecido no anexo V: Si Non

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTA-LA EMPRESA

A documentación deberase presentar en original ou copia cotexada pola entidade financeira.

A) Documentación xenérica:

- 1 Documentación acreditativa das circunstancias persoais do solicitante.
- 1.1 Persoas físicas: DNI / NIF.
- 1.2 Persoas xurídicas: CIF e DNI / NIF do asinante da solicitude (*).
- 2 Certificación dos administradores da condición de peme segundo modelo establecido no anexo VI.
- 3 Último recibo pagado polo imposto de actividades económicas ou declaración censual (modelo 036). No caso de empresas de nova creación declaración responsable que inclúa o compromiso de achega-la declaración censual (modelo 036) indicando o epígrafe da actividade principal da empresa vinculada ó proxecto de investimento, así como de remiti-lo documento de alta no prazo máximo de 6 meses desde a "data de resolución de concesión".
- 4 Declaración expresa doutras axudas solicitadas para o mesmo proxecto, cumprimento coas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, e de non ter contratada débeda ningunha, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia. Segundo o modelo que figura no anexo VII.

(*A escritura de constitución, os estatutos da sociedade, así como o poder de representación do asinante da solicitude poranse á disposición da entidade financeira, tendo o igape en todo momento acceso ós devanditos documentos.

ANEXO II

MUNICIPIOS DE LOCALIZACIÓN PRIORITARIA

I.- Municipios da Costa da Morte

- Muros
- Laxe
- Carnota
- Cabana de Bergantiños
- Cee
- Ponteceso
- Dumbria
- Malpica de Bergantiños
- Corcubión
- Carballo
- Fisterra
- A Laracha
- Muxia
- Zas
- Camariñas
- Vimianzo
- Coristanco

II.- Municipios das áreas de dinamización prioritaria

- Lugo:
- Ribadeo
- Outeiro de Rei
- Barreiros
- Lugo
- Foz
- O Corgo
- Mondoñedo
- Sarria
- Lourenzá
- O Incio
- Trabada
- Bóveda
- Begonte
- Monforte de Lemos
- Rábade
- A Pobra de Brollón
- Ourense:
- O Carballiño
- Xunqueira de Ambía
- Leiro
- Sarreaus
- Beade
- Xinzo de Limia
- Ribadavia
- Allariz
- Carballeda de Avia
- Melón
- A Gudíña
- Arnoia
- A Mezquita
- Paderne de Allariz
- Riós
- Taboadela
- Baños de Molgas
- Verín

ANEXO IV

MODELO DE COMUNICACIÓN DE CONCESIÓN CONTRATO LEASING

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE)

Rta: CONVENIO Leasing-2004-2006
 Complexo Admtrvo. San Lázaro, s/n
 Santiago de Compostela.

1.1 () Facturas pro forma, orzamentos, contratos, etc.

2 Documentación relativa á creación de emprego (para o ano 2004, só para proxectos que creen 5 ou máis empregos):

2.1 () Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social de afiliados adscritos ás contas de cotización da empresa por tipos de contrato, e de tódolos centros de traballo da empresa, á data de solicitude da axuda.

2.2 () Declaración xurada do número de traballadores existentes á data de solicitude, distinguindo fixos e temporais, e dos postos de traballo que se van crear, de acordo co seguinte esquema:

RÉXIME DE COTIZACIÓN DOS TRABALLADORES A SEGURIDADE SOCIAL	NÚMERO DE TRABALLADORES					
	EN GALICIA			FÓRA DE GALICIA		
	Postos que se van crear		A data de solicitude		Postos que se van crear	
	Temporais	Fixos	Temporais	Fixos	Temporais	Fixos
Xeral						
Especial de traballadores autónomos						
Especial de traballadores do mar						
Outros						
TOTAL TRABALLADORES						

2.3 () En caso de creación de emprego, compromiso de mantemento dos postos de traballo que se van crear durante o prazo establecido na cláusula 8.4.3.4c) do convenio.

2.4 () Para solicitudes de axuda nos que o importe que se vai subsidiar supere 800.000,00 €, ademais, compromiso de alcanzar os niveis de estabilidade laboral requiridos na cláusula 2.2 do convenio respecto das novas contratacións derivadas do proxecto.

3 **Outra documentación:**

3.1 () Para empresas de transporte público, no caso de que financien elementos de transporte externos, fotocopia cotexada das tarxetas de transporte do/s vehículo/s para dar de baixa e compromiso firme de remitir-las tarxetas de transporte do/s vehículo/s que se van financiar.

3.2 () Para solicitudes de axuda nas que o importe que se vai subsidiar supere 800.000,00 € deberán achegar declaración xurada do número de traballadores existentes a data de solicitude, distinguindo fixos e temporais.

ANEXO V

MODELO DE SOLICITUDE DE FORMALIZACIÓN PREVIA Á RESOLUCIÓN

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE)

Rta: CONVENIO Leasing-2004-2006
 Complexo Admtrvo. San Lázaro, s/n
 Santiago de Compostela.

Moi Srs. nosos:
 Estudiada a solicitude de arrendamento financeiro presentada nesta entidade acollida ós beneficios regulados no convenio de colaboración arriba referenciado, comunicámoslles que foi autorizado o contrato de arrendamento financeiro coas características que se detallan:

BENEFICIARIO:
 Nº CONTRATO Leasing: L/10*
 *(Indícanse os dous últimos díxitos do ano no que se presenta a solicitude no IGAPE)

CARACTERÍSTICAS DA OPERACIÓN:
 TOTAL INVESTIMENTO:
 ENTREGA INICIAL:
 IMPORTE QUE VA FINANCIAR-LA ENTIDADE DE CRÉDITO:
 Porcentaxe:.....

PRAZO:

ACTIVIDADE (Descrición):

EPI/GRAFE CNAE:

TIPO DE XURO: VARIABLE:

Xuntamos orixinal e 1ª copia do impreso de solicitude e a documentación completa esixida para o efecto. Así mesmo, comunicamos que, nesta mesma data, remitiño-la segunda copia da solicitude e unha copia da documentación esixida ós servizos centrais da Consellería de

Xeral de
 Data e sinatura.

En relación á solicitude de axuda financeira formulada pola empresa
 Nº expt:

ou
 • presentada no IGAPE en data/...../....., rexistro de entrada nº
 • que se presenta na data de hoxe,

de acordo co estipulado na cláusula 9.11.1 do convenio LEASING 2004-2006, comunicábase a intención de formaliza-la dita operación previamente á resolución de concesión de subsidio por parte dese Instituto e respectando, en todo caso, as condicións e requisitos establecidos no convenio.

Así mesmo, comunicábase que, de acordo co establecido na mencionada cláusula, a operación non se formalizará en tanto non se reciba a preceptiva autorización do IGAPE.

Data, sinatura e selo da entidade de crédito.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA.-

ANEXO VI

CERTIFICACIÓN DA CONDICIÓN DE PEME

D/Dª _____, en calidade de _____, en nome e representación da empresa _____, con CIF/NIF nº _____ e domicilio para efectos de notificación en _____, CERTIFICO,

- a) Que a empresa que represento foi constituída (no caso de sociedades mercantís) / iniciou a súa actividade empresarial (no caso de empresarios individuais) en data _____, e (só no caso de sociedades mercantís) inscrita no Rexistro Mercantil de _____, folia _____, follo _____, sección _____, libro _____.
- b) Que á data de peche do último exercicio:
 - O número de traballadores no cadro de persoal era de _____ empregados.
 - O volume de negocios foi de _____ €.
 - O importe do balance xeral anual foi de _____ €.
- c) (Só no caso de sociedades mercantís) que o órgano de administración da sociedade está composto polas persoas e co cargo que se relacionan a seguir:

Nome	Cargo ou representación

- d) 1). (Só no caso de sociedades mercantís) que o detalle de accionistas con participación na empresa igual ou superior ó 25% é o que se relaciona a seguir:

Nome ou razón social	% de participación

- ou, alternativamente, no caso de que non existan accionistas con participación superior ó 25%:
- d) 2). Que non existen accionistas con participación en contía igual ou superior ó 25%.
- e) 1). (Só no caso de sociedades mercantís) Que o detalle de participacións da empresa noutras sociedades en contía igual ou superior ó 25% é o que se relaciona a seguir:

Nome ou razón social	% de participación

- ou, alternativamente, no caso de que a empresa non teña participacións iguais ou superiores ó 25% noutras empresas:
- e) 2). Que a sociedade non mantén participacións en contía igual ou superior ó 25% noutras empresas

En _____, o _____ de _____ de 200__

Vº Pº _____
O (o que proceda segundo o cargo ou representación) O presidente (se é o caso)

Asdo.: _____ Asdo.: _____

Nota: As sociedades que participan e/ou participadas pola solicitante en porcentaxe igual ou superior ó 25%, deberán emitir certificado axustado a este modelo sobre as letras b), d) e e).

ANEXO VII

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS, CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS FISCAIS, DE ESTÁREN Ó DÍA NAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL E COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

D/Dª _____ con DNI nº _____ en nome e representación da entidade _____ con NIF nº _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a actuación denominada _____ esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

Axudas concedidas	Organismo e ano	Importe (pesetas)	Disposición reguladora

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obtenga para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Por outra parte,

DECLARA EXPRESAMENTE:

Que a entidade indicada:

- Se atopa ó día das súas obrigas fiscais.
- Se atopa ó día das súas obrigas no pagamento das cotas da Seguridade Social.
- Non ten contraída débeda ningunha coa Comunidade Autónoma galega.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

En _____ de _____ de _____

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO VIII



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA



PROCEDEMENTO AXUDAS A CONTRATOS DE ARRENDAMENTO FINANCEIRO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO EC 404E	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	--------------------------------

IDENTIFICATIVO CONTRATO									
Cod. Prog.	Cod. E. C.	Cod. Suc.	Nº contrato						
L1 / 0									

I. DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZON SOCIAL				DATA DE CONSTITUCIÓN (NO CASO DE EMPRESARIOS INDIVIDUAIS, DATA INICIO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL)			
NIF / CIF		ENDEREZO					
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA		TELÉFONO	FAX		
REPRESENTANTE LEGAL							
ACTIVIDADE ACTUAL				CNAE	EPIGRAFE/S IAE		

II. ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO							
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA		TELÉFONO	FAX		

III. DEFINICIÓN DO PROXECTO

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE VINCULADA OS INVESTIMENTOS A REALIZAR (NO CASO DE MAIS DUNHA, SINALAR A PRINCIPAL)	CNAE	EPIGRAFE/S IAE	N.º ACTUAL DE TRABALLADORES	N.º DE POSTOS QUE SE VAN CREAR
LOCALIZACIÓN DOS NOVOS INVESTIMENTOS (ENDEREZO, CONCELLO E PROVINCIA)				
OBJECTO DO INVESTIMENTO: (BREVE DESCRIPCIÓN DOS OBXECTIVOS, BENS OU SERVIZOS QUE SE VAN PRODUCIR, INCIDENCIA COMERCIAL E ECONOMICA NA EMPRESA, ETC.)				

IV. CONDICIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO FINANCEIRO

DURACIÓN DO CONTRATO (EN MESES):	IMPORTE DO CONTRATO (EXCLUÍDO O IVE):
NOME DA SOCIEDADE DE ARRENDAMENTO FINANCEIRO:	
ENDEREZO:	TELÉFONO:
	FAX:

V.BENS OBXECTO DO INVESTIMENTO: LEASING MOBILIARIO. (Os importes excluídos de IVE)

<i>1. MAQUINARIA E AS SÚAS INSTALACIÓNS TÉCNICAS</i>	IMPORTE
DESCRIPCIÓN	
<i>2. FERRAMENTAS E UTENSILIOS</i>	IMPORTE
DESCRIPCIÓN	
<i>3. MOBLAXE E EQUIPOS DE OFICINA E DE PROCESO DE INFORMACIÓN</i>	IMPORTE
DESCRIPCIÓN	
<i>4. ELEMENTOS DE TRANSPORTE INTERNOS</i>	IMPORTE
DESCRIPCIÓN	
<i>5. ELEMENTOS DE TRANSPORTE EXTERNOS (EXCLUSIVAMENTE NO CASO DE EMPRESAS DE TRANSPORTE PÚBLICO)</i>	IMPORTE
DESCRIPCIÓN	
Indicar de cada un dos vehículos que se van dar de baixa, os seguintes datos:	
<u>MODELO</u>	<u>MATRÍCULA</u>
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
IMPORTE TOTAL (1+2+3+4+5).....	

Quen suscribe coñece e acepta as condicións xerais destas axudas financeiras reguladas no convenio Igape – entidades de crédito de apoio financeiro ás pemes mediante contratos de arrendamento financeiro 2004-2006 e DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que tódolos datos que figuran na presente solicitude son certos, e acepta que son necesarios para a tramitación do expediente de referencia, e que a consecuencia da falsidade dalgún deles poderá dar lugar ás responsabilidades esixibles legalmente. Así mesmo, comprométese a destinalo importe do contrato, para o que se solicita a subsidiación de xuros, á finalidade prevista. Igualmente o solicitante DECLARA formalmente non estar suxeito a ningunha sanción que o inhabilite para a obtención de axudas públicas.

O abaixo asinante ACEPTA que os datos que facilite serán empregados exclusivamente polo IGAPE e cedidos ás entidades colaboradoras que se detallan no anexo a este convenio, para a xestión e tramitación do seu expediente, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o interesado.

Do mesmo xeito coñece e ACEPTA que estes datos sexan incorporados a un ficheiro automatizado debidamente inscrito na Agencia Estatal de Protección de datos có número 1943280521. Poderanse exercer los dereitos de acceso, cancelación ou rectificación e oposición, poñéndose en contacto mediante carta dirixida á sede central do Instituto en Santiago de Compostela, Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, CP 15703, A Coruña.

A empresa solicitante apodera a entidade de crédito para a presentación e tramitación ante o IGAPE desta solicitude, conforme o sinalado no convenio de convocatoria.

..... de de 200..

O/A SOLICITANTE

Data e selo da entidade de crédito ante a que presenta a solicitude.

ANEXO IX

SOLICITUDE DE COBRAMENTO DE SUBSIDIACIÓN

D./Dona. _____, DNI: _____
(apelidos, nome e cargo da entidade de crédito solicitante)

Actuando en nome e representación da entidade de crédito _____

EXPÓN:

Que de acordo co especificado nos convenios de colaboración financeira subscritos entre o IGAPE e a entidade de crédito _____, a subvención de xuros correspondente ó exercicio _____, das operacións de *leasing* formalizadas ó abeiro dos citados convenios, ascenden ós seguintes importes:

Ano convenio	Importe subvención
TOTAL	

Que para a tramitación desta liquidación de subsidiación, xúntase a seguinte documentación:

- Relación das operacións, especificando o número de expediente, titular, importe do contrato, data de formalización, data de vencemento, prazo en meses, importe da subvención total, número de meses de vixencia do período que se vai liquidar e importe da subvención solicitada.

SOLICITA:

Que se liquide a través desta entidade de crédito, a subsidiación correspondente, de acordo co establecido nos respectivos convenios.

En _____, o _____ de _____ de _____

POLA ENTIDADE FINANCEIRA

Asdo.: _____

ANEXO X

Relación de entidades de crédito colaboradoras

Lico Leasing, S.A.

Banco Pastor, S.A.

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria

Banesto, S.A.

Hispamer Servicios Financieros, E.F.C., S.A.

Bansabadell Leasing, E.F.C.

Banco Santander Central Hispano

Banco Popular Español

Banco de Galicia

Caixa Galicia

Banco Gallego

Banco Espirito Santo

Banco Urquijo

Banco Atlántico, S.A.

Banco Simeón

Caja de Pensiones y Ahorro de Barcelona La Caixa

Financia Banco de Crédito, S.A.

Resolución do 11 de marzo de 2004 pola que se engade unha entidade financeira colaboradora ao convenio de apoio financeiro 2004-2006 aos investimentos das pequenas e medianas empresas financiado, mediante contratos de arrendamento financeiro, suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e diversas entidades financeiras.

Con data do 26 de xaneiro, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e 17 entidades financeiras asinaron un convenio coa finalidade de establecer liñas de financiamento subsidiadas, mediante contratos de arrendamento financeiro, para pequenas e medianas empresas, publicado mediante Resolución do 27 de xaneiro de 2004 (DOG nº 20, do 30 de xaneiro).

Xunto co texto do devandito convenio publicouse a relación de entidades financeiras que o subscribiron.

Ratificado o 3 de febreiro de 2004 a participación da entidade financeira *Barclays Bank, S.A.* procede facelo público.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12 a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Galego de Promoción Económica,

RESOLVO:

Engadir a entidade financeira *Barclays Bank, S.A.* á relación de entidades financeiras colaboradoras que subscribiron o convenio de apoio financeiro 2004-2006 aos investimentos das pequenas e medianas empresas financiado, mediante contratos de arrendamento financeiro, suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e diversas entidades financeiras.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2004.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica